

## Á MESA DA COMISIÓN 2.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 36367, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ás deputacións provinciais da Coruña e de Pontevedra, como organismos titulares da ponte de Catoira, da execución das actuacións necesarias para garantir o bo estado e a durabilidade da ponte, así como a seguridade viaria das persoas usuarias, incluída na orde do día da sesión que esta comisión vai celebrar o 30 de outubro de 2018. (10/PNC-002918)

### Emenda de Modificación

Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a colaborar coas deputacións provinciais de Pontevedra e a Coruña na procura dun acordo con respecto ao mantemento da Ponte de Catoira.”

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 29/10/2018 14:33:30**

**Luis Villares Naveira na data 29/10/2018 14:33:40**

## Á Mesa da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar acabo o Goberno galego en relación cos incumprimentos da Autorización Ambiental integrada pola empresa encargada da xestión do vertedoiro de residuos industriais da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela, así como dos residuos contaminantes xerados por Tecnosolos Galaicos, S.L. (10/PNC-002658, documento número 32498).

### Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ao vertedoiro de residuos industriais “non perigosos” e á planta de elaboración de tecnosolos sitios na antiga canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa (Santiago de Compostela), a:

1. Incoar expediente sancionador a “Sertego Servizos Medioambientales, SL”, polos incumprimentos da Autorización Ambiental Integrada, segundo se deriva das actas de inspección levantadas polos técnicos da Xunta de Galicia, esixindo, no seu caso, as responsabilidades na xestión e nos labores de control do seu funcionamento.
2. Adoptar, como medida cautelar e de acordo coa legalidade vixente, a paralización da actividade de “Sertego Servizos Medioambientales, SL”.
3. Retirar os residuos contaminantes xerados por “Tecnosolos Galaicos”, segundo se deriva das actas de inspección levantadas polos técnicos da Xunta de Galicia.

4. Rexeitar que as instalacións de xestión e tratamento de residuos sexan actividades permitidas en solos próximos a zonas residenciais de Galicia, salvagardando a calidade ambiental da contorna.”

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 29/10/2018 17:24:27**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/10/2018 17:24:32**

## Á Mesa da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela (10/PNC-003027, documento número 37682).

### Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ao vertedoiro de residuos industriais “non perigosos” e á planta de elaboración de tecnosolos sitios na antiga canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa (Santiago de Compostela), a:

1. Incoar expediente sancionador a “Sertego Servizos Medioambientales, SL”, polos incumprimentos da Autorización Ambiental Integrada, segundo se deriva das actas de inspección levantadas polos técnicos da Xunta de Galicia, esixindo, no seu caso, as responsabilidades na xestión e nos labores de control do seu funcionamento.
2. Adoptar, como medida cautelar e de acordo coa legalidade vixente, a paralización da actividade de “Sertego Servizos Medioambientales, SL”.
3. Retirar os residuos contaminantes xerados por “Tecnosolos Galaico”, segundo se deriva das actas de inspección levantadas polos técnicos da Xunta de Galicia.

4. Rexeitar que as instalacións de xestión e tratamento de residuos sexan actividades permitidas en solos próximos a zonas residenciais de Galicia, salvagardando a calidade ambiental da contorna.”

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 29/10/2018 17:25:43**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/10/2018 17:25:50**

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-002909 (36255)**, sobre as demandas que se deben realizar ao Parlamento Europeo e ao Goberno central en relación coa inclusión do corredor Galicia-Portugal(Vigo-Leixoes-Porto) no corredor atlántico ferroviario de mercadorías, así como co impulso da mellora da conexión ferroviaria Vigo- Porto)

## **Emenda de modificación**

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado o impulso da mellora da conexión ferroviaria Vigo-Porto, dotándoa de recursos orzamentarios, solicitando adicionalmente o financiamento á Unión Europea, de acordo coa súa declaración como sección transfronteriza predeterminada da rede global, segundo o recollido na proposta da Comisión de revisión do regulamento 1316/2013 (ANEXO. PARTE III. PUNTO 2)”

Santiago de Compostela, 29 de outubro 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 29/10/2018 17:46:21**

**Martín Fernández Prado na data 29/10/2018 17:46:50**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Isabel Novo Fariña, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-003058 (38178)**, sobre a asunción por parte da Xunta de Galicia, antes do remate de 2018, do trinta e cinco por cento do investimento necesario para a creación da primeira vía verde ferroviaria que vai discorrer entre Vilagarcía de Arousa e Portas

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, antes de que remate o ano 2018, asine un convenio entre Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra e concellos de Portas, Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa no que se recollan os compromisos de actuación de todas as partes e un calendario de execución para a creación da primeira vía verde ferroviaria, que discorrerá entre Vilagarcía de Arousa e Portas, na provincia de Pontevedra”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 29/10/2018 17:42:44**

**María Isabel Novo Fariña na data 29/10/2018 17:43:10**

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-003086 (38659)**, sobre a decisión que debe adoptar o Goberno galego en relación co proxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais dos Praceres, no concello de Pontevedra

## Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Licitare e executar as obras do novo emisario submarino e as obras para a mellora da actual EDAR dos Praceres.
- 2.- Requirir aos concellos de Pontevedra, Marín e Poio a subsanación das deficiencias das súas redes de sumidoiros que repercuten negativamente na eficiencia da depuradora dos Praceres ao o introducir cargas de auga de mar.
- 3.- Requirir ao Concello de Poio para que faga unha proposta de ubicación ao goberno central, no seu termo municipal, para a construción da EDAR de Raxó e Samieira, que evite que augas residuais do Concello de Poio se sigan vertendo sen depurar na Ría de Pontevedra, instándoo asimesmo a negociar co goberno central a licitación e construción da devandita depuradora no prazo máis breve posible
- 4.- Sobre a base dos plantexamentos dos técnicos abordar a necesidade da ampliación da depuradora dos Praceres, mantendo canles de diálogo coas administracións e axentes implicados, de cara a minimizar os posibles impactos ambientais e sociais, e tendo en conta o risco que podería supoñer non ampliar a depuradora actual sobre a cualificación marisqueira da ría, así como sobre o expediente sancionador aberto pola Unión Europea”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 29/10/2018 18:05:06**

**Jacobo Moreira Ferro na data 29/10/2018 18:05:46**